

interferencias prexudiciais entre os sistemas de telecomunicacións de tipo radio e outros sistemas técnicos de tipo espacial ou terrestres.

A protección dos datos poderá incluí-la dos persoais e a dos que afecten a intimidade e a obriga de confidencialidade respecto da información transmitida ou almacenada.

Dereitos especiais: os dereitos concedidos a un número limitado de empresas por medio dun instrumento legal, regulamentario ou administrativo que, nunha determinada zona xeográfica:

a) Limiten a dous ou máis o número de tales empresas conforme a criterios que non sexan obxectivos, proporcionais e non discriminatorios.

b) Permitan, conforme a tales criterios, a varias empresas que compitan entre si; ou

c) Recoñezan a unha empresa ou a varias, consonte os citados criterios, vantaxes legais ou regulamentarias que dificulten gravemente a capacidade doutra para importar, comercializar, conectar, poñer en servizo ou a mesma zona xeográfica e nunhas condicións basicamente similares.

Dereitos exclusivos: os dereitos concedidos a un ou varios organismos públicos ou privados mediante calquera instrumento legal, regulamentario ou administrativo que lles reserve a prestación dun servizo ou a explotación dunha actividade determinada.

Interconexión: a conexión física e funcional das redes de telecomunicacións utilizadas polo mesmo ou diferentes operadores, de maneira que os usuarios poidan comunicarse entre si ou acceder ós servizos dos diferentes operadores. Estes servizos poden ser subministrados polos ditos operadores ou por outros que teñan acceso á rede.

A interconexión comprende, así mesmo, os servizos de acceso á rede subministrados co mesmo fin, polos titulares de redes públicas de telecomunicacións ós operadores de servizos telefónicos dispoñibles ó público.

Punto de terminación da rede: conxunto de conexións físicas ou radioeléctricas e as súas especificacións técnicas de acceso, que forman parte da rede pública e que son necesarias para ter acceso a esta e ós servizos que a utilizan como soporte. O punto de terminación de rede é aquel no que terminan as obrigas dos operadores de redes e servizos e ó que poden conectarse os equipos terminais de telecomunicacións.

Dominio público radioeléctrico: é o espazo polo que poden propagarse as ondas radioeléctricas.

Interferencia prexudicial: interferencia que compromete o funcionamento dun servizo de radionavegación ou doutros servizos de seguridade, ou que degrada gravemente, interrompe repetidamente ou impide o funcionamento dun servizo de radiocomunicación, explotado de acordo co Regulamento de Radiocomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións.

Equipo terminal: equipo destinado a ser conectado a unha rede pública de telecomunicacións, isto é, a estar conectado directamente ós puntos de terminación daquela ou interfuncionar, ó seu través, con obxecto de enviar, procesar ou recibir información.

Especificación técnica: a especificación que figura nun documento que define as características necesarias dun produto, tales como os niveis de calidade ou as propiedades do seu uso, a seguridade, as dimensións, os símbolos, as probas e os métodos de proba, o empaquetado, a marcase e a etiquetaxe. Inclúense dentro da citada categoría, as normas aplicables ó produto no que se refire á terminoloxía.

Espazo público de numeración: o conxunto de recursos numéricos e alfanuméricos necesarios para a prestación de determinados servizos de telecomunicacións.

Usuarios: os suxeitos, incluídas as persoas físicas e xurídicas, que utilizan ou solicitan os servizos de telecomunicacións dispoñibles para o público.

Rede de acceso: é o conxunto de elementos que permiten conectar a cada abonado coa central local da que depende. Está constituída polos elementos que lle proporcionan ó abonado a disposición permanente dunha conexión desde o punto de terminación da rede, ata a central local, incluíndo os de planta exterior e os específicos.

Déficit de acceso: é a parte dos custos da rede de acceso non cubertos cos ingresos derivados da súa explotación.

**10047** *LEI 12/1998, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España.* («BOE» 102, de 29-4-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que esta lei viren e entenderen.  
Que as Cortes Xerais aprobaron e Eu sanciono a seguinte Lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/1994, do 1 de xuño, adiantou a adaptación do estatuto xurídico do Banco de España ó disposto no Tratado da Unión Europea, outorgándolle un réxime de plena autonomía no desenvolvemento e execución da política monetaria co último obxectivo de conseguirla estabilidade de prezos.

A Lei 66/1997, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social, na súa disposición adicional vixésimo cuarta incorporou ó ordenamento xurídico español tódolos requisitos de independencia do Banco de España esixidos polo artigo 107 do Tratado da Comunidade Europea.

Non obstante, cómpre modifica-la Lei 13/1994, de Autonomía do Banco de España, para asegura-la plena integración do Banco de España no Sistema Europeo de Bancos Centrais, principio informador básico da institución na terceira fase da Unión Económica e Monetaria.

Para darlle satisfacción a esta necesidade, a presente Lei cínxese exclusivamente a garanti-la integración do Banco de España no Sistema Europeo de Bancos Centrais, recoñecendo, entre outros extremos, as potestades do Banco Central Europeo na definición da política monetaria da área do euro —e a súa execución polo Banco de España—, e as facultades da Comunidade Europea en relación coa política de tipo de cambio.

De acordo co artigo 108 do Tratado da Comunidade Europea, a máis tardar na data de constitución do Sistema Europeo de Bancos Centrais, cada un dos Estados membros velará porque a súa lexislación nacional, incluídos os estatutos do seu Banco Central Nacional, sexa compatible co propio Tratado e cos Estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais.

**Artigo primeiro.** *Modificacións no capítulo I da Lei de Autonomía do Banco de España.*

Introdúcense as seguintes modificacións no capítulo I da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España:

Un. O artigo 1 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Artigo 1. *Natureza e normativa específica.*

1. O Banco de España é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada. No desenvolvemento da súa actividade e para o cumprimento dos seus fins actuará con autonomía respecto da Administración Xeral do Estado, desempeñando as súas funcións consonte o previsto nesta Lei e no resto do ordenamento xurídico.

2. O Banco de España quedará sometido ó ordenamento xurídico-privado, salvo que actúe no exercicio das potestades administrativas conferidas por esta ou outras leis. No exercicio das ditas potestades administrativas resultará de aplicación ó Banco de España a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Terán en todo caso natureza administrativa os actos que dicte o Banco de España en exercicio das funcións ás que se refiren o artigo 7.6 e o artigo 15.4.

O Banco de España non estará sometido ás previsións contidas na Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado.

3. O Banco de España é parte integrante do Sistema Europeo de Bancos Centrais (en diante, SEBC) e estará sometido ás disposicións do Tratado da Comunidade Europea (en diante, Tratado) e ós Estatutos do SEBC.

No exercicio das funcións que se deriven da súa condición de parte integrante do SEBC, o Banco de España axustarase ás orientacións e instrucións emanadas do Banco Central Europeo (en diante, BCE) en virtude das ditas disposicións.»

Dous. O artigo 2 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Artigo 2. *Réxime de impugnación.*

1. Os actos administrativos que dicte o Banco de España no exercicio das funcións previstas na sección 1.<sup>a</sup> e o artigo 15 do capítulo II desta Lei, así como as sancións que, se é o caso, se impoñan como consecuencia da aplicación destas normas, porán fin á vía administrativa.

2. Os actos administrativos que dicte o Banco de España no exercicio doutras funcións, así como as sancións que impoña, serán susceptibles de recurso ordinario ante o Ministro de Economía e Facenda.

3. Sen prexuízo da competencia do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea, a Sala do Contencioso-administrativo da Audiencia Nacional coñecerá en única instancia dos recursos contra actos non susceptibles de recurso administrativo dictados polo Banco de España e contra as resolucións do Ministro de Economía e Facenda que resolvan recursos ordinarios contra actos dictados polo Banco de España.»

Tres. O artigo 3 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Artigo 3. *Disposicións dictadas polo Banco de España.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 1.3 o Banco de España poderá dicta-las normas pre-

cisas para o exercicio das funcións previstas no artigo 7.3 desenvolvidas na sección 1.<sup>a</sup> e o artigo 15 do capítulo II desta Lei, que se denominarán "Circulares monetarias".

Así mesmo, para o adecuado exercicio do resto das súas competencias, poderá dicta-las disposicións precisas para o desenvolvemento daquelas normas que o habiliten expresamente para o efecto. Tales disposicións denominaranse "Circulares".

2. Unhas e outras disposicións serán publicadas no "Boletín Oficial del Estado" e entrarán en vigor conforme o previsto no apartado primeiro do artigo 2 do Código Civil. Elaboraranse, logo dos informes técnicos e xurídicos que preceptivamente deberán emitilos servicios competentes do Banco e aqueloutros informes e asesoramentos que este xulgue conveniente solicitar. Non lles será de aplicación o disposto no artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, se ben, no caso das "Circulares", deberán ser oídos os sectores interesados.

As disposicións dictadas polo Banco de España serán susceptibles de impugnación directa ante a Sala do Contencioso-administrativo da Audiencia Nacional.»

Catro. O artigo 4 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Artigo 4. *Réxime económico.*

1. Non serán de aplicación ó Banco de España as leis que regulen o réxime orzamentario, patrimonial e de contratación dos organismos públicos dependentes ou vinculados á Administración Xeral do Estado, agás cando dispoñan expresamente o contrario.

2. A proposta de orzamento de gastos de funcionamento e investimentos do Banco de España, unha vez aprobada polo seu Consello de Goberno, segundo o artigo 21.1.g), seralle remitida ó Goberno, que a trasladará ás Cortes Xerais para a súa aprobación. O orzamento do Banco de España terá carácter estimativo e non será obxecto de consolidación cos restantes orzamentos do sector público estatal.

Corresponderalle ó Goberno, por proposta do Ministro de Economía e Facenda, aproba-lo balance e contas do exercicio do Banco, que serán remitidos ás Cortes Xerais para o seu coñecemento. Sen prexuízo do disposto no artigo 27 dos Estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais, o Banco de España quedará suxeito á fiscalización externa do Tribunal de Contas, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas. No informe que se una ó balance e contas do exercicio desagregaranse, atendendo a súa natureza, as distintas operacións ou rúbricas do balance do Banco. En especial, detallaranse as achegas feitas polo Banco a Fondos de Garantía de Depósitos, así como os préstamos ou outras operacións en favor de calquera outras entidades ou persoas que non se concertasen en condicións de mercado ou que, de calquera outra forma, impliquen lucro cesante ou crebanto para o Banco, estimándose expresamente en tales casos o importe dos eventuais lucros cesantes ou crebantos.»

**Artigo segundo.** *Modificacións no capítulo II da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España.*

Introdúcense as seguintes modificacións no capítulo II da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España:

Un. O artigo 7 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Artigo 7. *Principios xerais.*

1. Corresponderalle ó Banco de España o exercicio das funcións previstas nesta lei, así como o das que poidan encomendarlle outras leis.

2. Sen prexuízo do obxectivo principal de manter a estabilidade de prezos e do cumprimento das funcións que exerce en tanto membro do SEBC nos termos do artigo 105.1 do Tratado, o Banco de España apoiará a política económica xeral do Goberno.

3. O Banco de España participará no desenvolvemento das seguintes funcións básicas atribuídas ó SEBC:

a) Definir e executa-la política monetaria da Comunidade.

b) Realizar operacións de cambio de divisas que sexan coherentes coas disposicións do artigo 109 do Tratado.

c) Posuír e xestiona-las reservas oficiais de divisas dos Estados membros. Non obstante, o Goberno poderá ter e xestionar fondos de manobra en divisas, conforme o previsto no artigo 105.3 do Tratado.

d) Promove-lo bo funcionamento do sistema de pagamentos.

e) Emiti-los billetes de curso legal.

f) As demais funcións que se deriven da súa condición de parte integrante do SEBC.

4. Sen prexuízo do disposto no artigo 1.3, no exercicio das funcións previstas no número 3 do presente artigo, desenvolvidas nas seccións 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> e 4.<sup>a</sup> do capítulo II, pero nestes últimos casos só cando se pronuncie sobre cuestións que resulten das funcións do Sistema Europeo de Bancos Centrais, nin o Goberno, nin ningún outro órgano nacional ou comunitario poderán darlle instrucións ó Banco de España, nin este poderá recabalas ou aceptalas.

5. Respectando o disposto no número 2 do presente artigo, o Banco de España exercerá, ademais, as seguintes funcións:

a) Posuír e xestiona-las reservas de divisas e metais preciosos non transferidas ó Banco Central Europeo.

b) Promove-lo bo funcionamento e estabilidade do sistema financeiro e, sen prexuízo do disposto no número 3, d) anterior, dos sistemas de pagamentos nacionais.

c) Pór en circulación a moeda metálica e desempeñar, por conta do Estado, as demais funcións que se lle encomenden respecto dela.

d) Presta-los servizos de tesourería e axente financeiro da débeda pública, conforme o establecido na sección 3.<sup>a</sup>

e) Asesora-lo Goberno, así como realiza-los informes e estudos que resulten procedentes.

f) Elaborar e publica-las estatísticas relacionadas coas súas funcións e prestarlle asistencia ó BCE na recopilación da información estatística necesaria para o cumprimento das funcións do SEBC.

g) Exerce-las demais competencias que a lexislación lle atribúa.

6. O Banco de España deberá supervisar, conforme as disposicións vixentes, a solvencia, actuación e cumprimento da normativa específica das entidades de crédito e de calquera outras entidades e mercados financeiros dos que teña atribuída a supervisión, sen prexuízo da función de supervisión prudencial levada a cabo polas Comunidades Autónomas no ámbito das súas competencias e da cooperación destas co banco no exercicio de tales competencias autonómicas de supervisión.

7. O Banco de España poderá realiza-las actuacións precisas para o exercicio das súas funcións, así como as relativas á súa propia administración e ó seu persoal.

8. O Banco de España poderá establecer relacións con outros bancos centrais, con autoridades de supervisión financeira e institucións financeiras doutros países, así como con organizacións monetarias e financeiras internacionais.

Igualmente, poderá relacionarse con institucións financeiras de carácter público e con autoridades de supervisión financeira de ámbito autonómico.»

Dous. O artigo 8 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Artigo 8. *Apertura de contas a entidades.*

Co fin de realiza-las súas operacións, o Banco de España poderá abrir contas a entidades de crédito, a entidades públicas e a outros participantes no mercado, así como aceptar activos en garantía.»

Tres. O artigo 9 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Artigo 9. *Instrumentación da política monetaria.*

1. Co fin de acadar os obxectivos do SEBC e levar a cabo as súas funcións, o Banco de España poderá realizar todo tipo de operacións financeiras, de conformidade cos principios xerais e instrumentos establecidos polo BCE, e, en particular, as seguintes:

a) Operar nos mercados financeiros comprando e vendendo ó contado e a prazo ou con pacto de recompra; prestar ou tomar prestado valores e outros instrumentos financeiros denominados en calquera moeda ou unidade de conta, así como metais preciosos.

b) Realizar operacións de crédito con entidades de crédito e demais participantes no mercado, baseando estas en garantías axeitadas.

2. Poderán manterse no Banco de España os fondos inmovilizados derivados do establecemento de reservas mínimas impostas en virtude de disposicións dictadas conforme os estatutos do SEBC.»

Catro. O artigo 10 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Artigo 10. *Información e control en materia de política monetaria.*

1. O Banco de España informará regularmente as Cortes Xerais e ó Goberno dos obxectivos e execución da política monetaria, sen prexuízo do disposto no artigo 107 do Tratado e das regras sobre secreto profesional do BCE.

Para tal efecto, o Gobernador do Banco poderá ser convocado, de conformidade cos Regulamentos parlamentarios, a calquera das Comisións do Congreso o do Senado ou mixtas de ámbalas dúas Cámaras, así como ser convocado para que asista con tal finalidade ás reunións do Consello de Ministros o ás da súa Comisión Delegada para Asuntos Económicos.

2. Así mesmo, o Gobernador do Banco de España poderá ser convocado ás reunións do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas a que se refire o artigo 3 da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas, para que, co fin de facilita-lo exercicio das tarefas de coordinación financeira atribuídas ó citado Consello, informe en relación con materias da competencia do Banco.»

Cinco. Dáselle un novo título á sección 2.<sup>a</sup> da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España, que será o que segue: «Operacións exteriores».

Seis. Dáselle a seguinte redacción ó artigo 11 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España:

«Artigo 11. *Política de tipo de cambio.*

Sen prexuízo da competencia da Comunidade Europea, o Goberno poderá consultar co Banco de España nas materias relativas á política de tipo de cambio.»

Sete. Dáselle a seguinte redacción ó artigo 12 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España:

«Artigo 12. *Realización de operacións exteriores.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 1.3, o Banco de España poderá realiza-las operacións exteriores que xulgue convenientes e, en particular, as seguintes:

a) Posuír, xestionar ou adquirir e vender ó contado o a prazo todo tipo de activos denominados en moeda estranxeira ou unidades de conta, así como metais preciosos.

b) Facer calquera tipo de transaccións bancarias con entidades nacionais ou estranxeiras ou con organismos internacionais, incluídas as operacións de concesión e obtención de préstamos.»

Oito. O artigo 15 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Artigo 15. *Emisión de billetes.*

1. Corresponderalle ó Banco de España, logo de autorización do BCE, a facultade exclusiva de emisión de billetes en pesetas que, sen prexuízo do réxime legal aplicable á moeda metálica, serán os únicos medios de pagamento de curso legal dentro do territorio español, con poder liberatorio

pleno e ilimitado, mentres non se produza a emisión de billetes en euro polo SEBC.

2. O Banco de España decidirá as denominacións e características dos billetes en pesetas, que serán publicadas no "Boletín Oficial del Estado".

3. Cando o Banco de España acorde a retirada de circulación ou troco de billetes en pesetas dunha determinada serie ou clase, deberá publica-lo correspondente anuncio no "Boletín Oficial del Estado", no que sinalará o período de troco. Transcorrido o dito período, os billetes en pesetas non trocados deixarán de ter curso legal, perderán o seu poder liberatorio como medio legal de pagamento e causarán baixa no pasivo do banco. Non obstante, o Banco de España procederá ó troco aínda que sexan presentados con posterioridade ó período establecido para o efecto.

4. A realización de publicidade utilizando en todo ou en parte billetes ou moedas que teñan ou tivesen curso legal, ou as súas reproducións facsímiles, deberá ser autorizada en cada caso con carácter previo polo Banco de España, nos termos e cos requisitos regulamentariamente establecidos.

Non requirirán autorización as Administracións públicas nin as entidades de Dereito público dependentes delas.

O Banco de España poderá, con suxeición ás normas reguladoras do procedemento sancionador aplicable ós suxeitos que actúan nos mercados financeiros, impor multas de ata 100 millóns de pesetas ás persoas físicas e xurídicas, e ós administradores destas, que realicen publicidade sen a dita autorización ou con incumprimento das condicións fixadas nela.»

**Artigo terceiro. Modificacións no capítulo III da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España.**

Introdúcense as seguintes modificacións no capítulo III da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España:

Un. O artigo 18 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Artigo 18. *Competencias do Gobernador.*

Corresponderalle ó Gobernador do Banco de España:

a) Dirixi-lo Banco e presidi-lo Consello de Goberno e a Comisión Executiva.

b) Ostenta-la representación legal do Banco para tódolos efectos e, en especial, ante os tribunais de Xustiza, así como autoriza-los contratos e documentos e realiza-las demais actividades que resulten precisas para o desempeño das funcións encomendadas ó Banco de España.

c) Representa-lo Banco de España nas institucións e organismos internacionais nos que estea prevista a súa participación.

d) Ostenta-la condición de membro do Consello de Goberno e do Consello Xeral do Banco Central Europeo.»

Dous. O artigo 21 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Artigo 21. *Competencias do Consello de Goberno.*

1. Corresponderalle ó Consello de Goberno:

a) Aproba-las directrices xerais de actuación do Banco para o cumprimento das funcións encomendadas a el.

b) Debate-las cuestións relativas á política monetaria e supervisa-la contribución do Banco á instrumentación da política monetaria do SEBC levada a cabo pola Comisión Executiva, todo isto con respecto ás orientacións e instrucións do BCE e á independencia e obriga de segredo do Gobernador como membro dos órganos de goberno do BCE.

c) Aprobar, por proposta da Comisión executiva, o informe anual do Banco e, se é o caso, os demais informes que deba o Banco de España elevar ás Cortes Xerais, ó Goberno ou ó Ministro de Economía e Facenda.

d) Aproba-las "Circulares monetarias" e as "Circulares" do Banco.

e) Elevarlle ó Goberno as propostas de separación ás que se refire a letra d) do número 4 do artigo 25.

Na adopción de tales decisións carecerá de voto o membro do Consello ó que se refira a proposta de separación.

f) Aproba-lo Regulamento interno do Banco, por proposta da Comisión Executiva.

g) Aproba-la proposta de orzamentos do Banco, así como formula-las súas contas anuais e a proposta de distribución de beneficios.

h) Aproba-las directrices da política de persoal e ratifica-lo nomeamento dos directores xerais.

i) Impo-las sancións que sexan competencia do Banco de España.

j) Aproba-las propostas de sanción que o Banco de España lle deba elevar ó Ministro de Economía e Facenda.

k) Resolve-los recursos ou reclamacións interpostos contra as resolucións do Banco de España, cando o seu coñecemento lle corresponda a este.

l) Adoptar calquera outros acordos precisos para o desempeño das funcións encomendadas ó Banco de España pola presente Lei que non sexan competencia exclusiva da Comisión Executiva, podendo delegar no Gobernador, no Subgobernador ou na Comisión Executiva as atribucións e cometidos que considere oportunos. Expresamente, establecerá os casos en que sexa posible a subdelegación.

2. A Presidencia do Consello de Goberno corresponderalle por esta orde:

- 1.º Ó Gobernador.
- 2.º Ó Subgobernador.
- 3.º Ó Conselleiro non nato de maior idade.

3. O Consello de Goberno reunirse, cando menos, dez veces ó ano e sempre que o convoque o Gobernador.

O Gobernador do Banco, como Presidente do Consello, acordará a convocatoria e fixará a orde do día das sesións.

Os membros do Consello de Goberno poderán solicita-la súa convocatoria, que deberá producirse sempre que a solicitude fose formalizada, polo menos, por dous conselleiros. A solicitude indicará expresamente a orde do día da convocatoria especial.

4. O Consello de Goberno quedará validamente constituído coa presenza de, polo menos, cinco dos seus membros, excluídos os natos, e do seu Secretario. Os acordos serán tomados por maioría de votos e en caso de empate decidirá o voto do presidente.»

Tres. O artigo 23 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Artigo 23. *Competencias da Comisión Executiva.*

1. Corresponderalle á Comisión executiva, con suxeición ás directrices do Consello de Goberno:

a) Contribuír á instrumentación da política monetaria desenvolvida polo SEBC de conformidade co disposto no artigo 21.1.b).

b) Resolver sobre as autorizacións administrativas que deba concede-lo Banco de España.

c) Organiza-lo Banco e efectua-lo nomeamento de directores xerais e do persoal, fixando as súas retribucións de acordo co que para o respecto dispón o Regulamento interno do Banco e coas directrices xerais aprobadas polo Consello de Goberno. Este órgano deberá ratificar, en todo caso, o nomeamento dos directores xerais.

d) Someter ó Consello de Goberno as propostas das que sexa competencia deste a súa resolución ou aprobación.

e) Desempeña-los cometidos que lle delegase expresamente o Consello de Goberno.

f) Formularlles ás entidades de crédito as recomendacións e requirimentos precisos, así como acordar respecto delas e dos seus órganos de administración e dirección a incoación de expedientes sancionadores e as medidas de intervención, de substitución das súas administracións, ou calquera outras medidas cautelares previstas no ordenamento xurídico e que ten encomendado exercer-lo Banco de España.

Das medidas cautelares que adopte a Comisión Executiva no exercicio desta competencia daralle conta, esa maior brevidade, ó Consello de Goberno.

g) Administra-lo Banco na esfera do dereito privado e dispor dos seus bens.

h) Acorda-las demais operacións ou transaccións que deba realiza-lo Banco para o desempeño das súas funcións, delegando nas comisións ou persoas que considere pertinentes.

2. A Comisión Executiva reunirse sempre que a convoque o Gobernador por iniciativa propia ou por petición de dous dos seus membros.

Os acordos tomaranse por maioría de votos. En caso de empate, decidirá o voto do Presidente.»

Catro. O artigo 26.2 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue:

«Os Conselleiros non poderán exercer durante o seu mandato actividades profesionais relacionadas con entidades de crédito, calquera que sexa a súa natureza, cos mercados de valores ou con institucións financeiras privadas. O posto de Conselleiro do Banco de España é compatible co desenvolvemento da función docente e de investigación.»

**Disposición adicional única. *Modificación da Lei 10/1975, do 12 de marzo, sobre Regulación da Moeda Metálica.***

Dáselle a seguinte redacción ó primeiro parágrafo do artigo 4 da Lei 10/1975, do 12 de marzo, sobre regulación da Moeda Metálica:

«De conformidade coa aprobación do Banco Central Europeo en canto ó volume de emisión,

prevista no artigo 105.A.2 do Tratado, o Ministerio de Economía e Facenda acordará a cuñación de moeda metálica e, en particular:»

**Disposición transitoria única.** *Aplicación das normas relativas ó coeficiente de caixa.*

Non obstante, o previsto na disposición derogatoria da presente Lei, as normas relativas ó coeficiente de caixa contidas na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre Disciplina e Intervención das Entidades de Crédito, e, en particular, as dos artigos 4.n) e 5.g) e 10.b) serán de aplicación ás infraccións cometidas con anterioridade á entrada en vigor desta disposición. Nestes casos, a competencia para instruír e resolve-los expedientes corresponderalle ó Banco de España.

**Disposición derogatoria única.**

1. Quedan derogados os seguintes preceptos da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito:

- A letra n) do artigo 4.
- A letra g) do artigo 5.
- A letra b) do artigo 10.

2. Queda derogada a disposición adicional segunda da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1988.

3. Queda derogado o artigo 18 do Decreto-lei 18/1962, do 7 de xuño, de Nacionalización e Reorganización do Banco de España.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do artigo 18 da Lei de Disciplina e Intervención das Entidades de Crédito.*

O artigo 18 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre Disciplina e Intervención das Entidades de Crédito, quedará redactado como segue:

«Artigo 18.

Sen prexuízo do disposto no artigo 42 desta lei, a competencia para a instrucción dos expedientes a que se refire este Título e para a imposición das sancións correspondentes, rexeráse polas seguintes regras:

- a) Será competente para a instrucción dos expedientes o Banco de España.
- b) A imposición de sancións por infraccións graves e leves corresponderalle ó Banco de España.
- c) A imposición de sancións por infraccións moi graves corresponderalle ó Ministro de Economía e Facenda, por proposta do Banco de España, agás a de revocación da autorización, que impondá o Consello de Ministros.»

**Disposición derradeira segunda.** *Beneficios do Banco de España.*

Regulamentariamente determinarase o réxime de ingreso no Tesouro Público dos beneficios do Banco de España.

**Disposición derradeira terceira.**

A presente Lei entrará en vigor a partir da data de participación de España na terceira fase da Unión Eco-

nómica e Monetaria, sempre e cando España non sexa un Estado membro acollido a unha excepción, conforme o recollido no artigo 109.K) do Tratado,

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de abril de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**10407** *LEI 13/1998, do 4 de maio, de Ordenación do Mercado de Tabacos e Normativa Tributaria.* («BOE» 107, de 5-5-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte Lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 38/1985, do 22 de novembro, do Monopolio Fiscal de Tabacos, dictada con motivo da incorporación de España ás Comunidades Europeas, debe ser reformada para aplicar no sector tabaqueiro español o principio de «liberdade de empresa», consagrado no artigo 38 da Constitución, ás actividades de elaboración, importación e venda por xunto dos produtos do tabaco. A liberalización das ditas actividades prodúcese tanto porque non subsisten razóns para seguir aplicando nesas fases a excepción autorizada polo artigo 128.2 da Constitución española ó principio xeral de liberdade da iniciativa privada que predica o artigo 38 da propia Constitución, como por ser coherente coa introducción de elementos liberalizadores da economía que comporta o proceso de privatización de empresas públicas en curso. Isto supón estende-la aplicación ós elaborados do tabaco orixinarios de terceiros países do réxime existente para os produtos comunitarios desde 1986.

Trátase, por tanto, de substituír para as citadas fases a intervención do Estado no mercado do tabaco por unha nova actividade meramente reguladora ou de vixilancia que salvagarde a aplicación dos criterios de neutralidade e as condicións de libre competencia efectiva, de tal xeito que, deixando actuar a tódolos suxeitos que o desexen, un órgano estatal supervise o correcto desenvolvemento de tal actividade empresarial. En consecuencia, a nova Lei suprime os actuais monopolios de fabricación, de importación e de comercio por xunto para os elaborados de tabaco non procedentes dos Estados membros da Unión Europea.

A nova normativa mantén, en cambio, seguindo a xurisprudencia comunitaria e a súa recente sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas do 14 de decembro de 1995 (asunto C-387/93 «Caso Banchero»), o monopolio do comercio ó retallo de elaborados de tabaco a favor do Estado a través da Rede de Expendedorías de Tabaco e Timbre. O mantemento da titularidade do Estado no monopolio do comercio ó retallo de elaborados de tabaco, que continúa revestindo o carácter de servizo público, constitúe un instrumento fundamental e irrenunciábel do Estado para o control dun produto estancado como é o tabaco con notable repercusión alfandegaria e tributaria. Ademais, a continuidade da ampla rede retallista de expendedorías de